



DATOS IDENTIFICATIVOS

Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos

Materia	Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos			
Código	O03G081V01801			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Iglesias Canle, Ines Celia			
Profesorado	Álvarez Buján, María Victoria Iglesias Canle, Ines Celia			
Correo-e	ines@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia está organizada en dous grandes bloques que abordan o estudo dos procesos especiais, civís e penais, e os métodos alternativos de solución de conflitos.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C89	CEI 42 - Coñecer as particularidades dos procesos civís e penais especiais (ou con especialidades) previstos no noso ordenamento xurídico, así como o réxime xurídico dos métodos alternativos de solución de conflitos (MASC).
C90	CEI 43 - Ser capaz de identificar a canle procesual ou extraprocesual máis adecuado para a solución eficaz dos distintos tipos de conflitos, e de interpretar e aplicar correctamente o seu específico réxime xurídico.
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

O coñecemento por parte do estudante dos procesos civís especiais, dos procesos penais especiais e con especialidades e dos métodos alternativos de solución de conflitos.	A2	B1	C89	D1
	A3	B2	C90	D3
	A4	B3		D4
	A5	B4		D5

Contidos

Tema	
INTRODUCCIÓN	<p>Lección 1. OS PROCESOS ESPECIAIS</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. Procesos civís especiais. 2. Procesos penais especiais.</p>
PROCESOS CIVÍS ESPECIAIS	<p>Lección 2. OS PROCESOS SOBRE CAPACIDADE, FILIACIÓN, MATRIMONIO E MENORES</p> <p>1. Consideracións xerais: a indispoñibilidade do obxecto do proceso. 2. A postulación. 3. A intervención do Ministerio Fiscal. 4. Especialidades na tramitación.</p> <p>Lección 3. OS PROCESOS SOBRE CAPACIDADE DAS PERSOAS</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. Competencia. 3. Incapacitación e prodigalidad. 3.1. As partes. 3.2. Postulación. 3.3. A intervención do Ministerio Fiscal. 3.4. Obxecto do proceso. 3.5. Procedemento. 4. Reintegración da capacidade e modificación do alcance da incapacitación. 5. Medidas cautelares. 6. Internamento non voluntario por razón de transtorno psíquico.</p> <p>Lección 4. OS PROCESOS SOBRE FILIACIÓN, PATERNIDADE E MATERNIDADE E MENORES</p> <p>1. Procesos sobre filiación, paternidade e maternidade. 1.1. Competencia. 1.2. As partes. Lexitimación. 1.3. Procedemento. 2. Procesos de menores. 2.1. Competencia. 2.2. As partes. 2.3. Procedemento. 2.4. Ingreso de menores con problemas de conduta en centros de protección específicos. 2.5. Entrada en domicilios e restantes lugares para a execución forzosa das medidas de protección de menores. 2.6. Medidas relativas á restitución ou retorno de menores nos supostos de substracción internacional. 2.7. A oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores. 2.8. Procedemento para determinar a necesidade de asentimento na adopción.</p> <p>Lección 5. OS PROCESOS MATRIMONIAIS</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. Competencia. 3. As partes. 4. O proceso contradictorio. 5. O proceso consensual. 6. O proceso para a modificación de medidas.</p> <p>Lección 6. O PROCESO DE EXECUCIÓN</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. O título executivos. 3. As partes. 4. Competencia. 5. Procedemento.</p> <p>Lección 7. OS PROCESOS MONITORIO E CAMBIARIO</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. O proceso monitorio. 2.1. Casos en que procede. 2.2. Competencia. 2.3. Procedemento. 3. O xuízo cambiario. 3.1. Casos en que procede. 3.2. Competencia. 3.3. Procedemento.</p> <p>Lección 8. A DIVISIÓN XUDICIAL DE PATRIMONIOS</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. A división da herdanza. 2.1. Competencia. 2.2. As partes. 2.3. Procedemento. 3. A liquidación do réxime económico matrimonial. 3.1. Competencia. 3.2. As partes. 3.3. Procedemento.</p> <p>Lección 9. O PROCESO DE DESAFIUZAMENTO</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. Competencia. 3. As partes. 4. Procedemento.</p>
PROCESOS PENAIS ESPECIAIS	<p>Lección 10. O AXUIZAMENTO RÁPIDO DE DETERMINADOS DELITOS</p> <p>1. Ámbito de aplicación. 2. Actuacións da Policía Xudicial. 3. Procedemento.</p> <p>Lección 11. O PROCESO ANTE O TRIBUNAL DO XURADO</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. Competencia. 3. Os xurados. 4. Procedemento.</p> <p>Lección 12. O PROCESO PENAL DE MENORES</p> <p>1. Consideracións xerais. 2. Competencia. 3. Suxeitos ntervinientes. 4. Procedemento.</p>

MÉTODOS ALTERNATIVOS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Lección 13. OS MÉTODOS ALTERNATIVOS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS
1. O conflito e os seus modos de solución. 2. Introducción dos Métodos Alternativos de Solución de Conflictos.

Lección 14. A NEGOCIACIÓN E A MEDIACIÓN
1. A negociación. 2. A mediación. 2.1. Concepto. 2.2. Principios. 2.3. O mediador. 2.4. As partes. 2.5. Procedemento.

Lección 15. A ARBITRAXE
1. Consideracións xerais. 2. O procedemento arbitral. 3. A arbitrase de consumo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	12	25	37
Presentacións/exposicións	5	2.5	7.5
Lección maxistral	32	70	102
Probas de tipo test	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	0.5	0	0.5
Traballos e proxectos	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Resolución de problemas Nas clases prácticas levarán a cabo actividades de:

- Resolución, de maneira autónoma por cada alumno, de casos prácticos formulados polo docente relacionados cos contidos impartidos nas sesións maxistrais.
- Actividades de Role Playing relacionadas cos contidos impartidos nas sesións maxistrais.
- Elaboración dun proxecto, en grupo e de acordo coas instrucións do profesor.

Presentacións/exposicións Nas clases prácticas, os alumnos haberán de expor ante o docente os resultados do proxecto elaborado por grupos.

Lección maxistral Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada aos alumnos prestarase polos docentes nos horarios de titorías fixados polo centro.
Resolución de problemas	A atención personalizada aos alumnos prestarase polos docentes nos horarios de titorías fixados polo centro e durante o desenvolvemento das clases prácticas.
Presentacións/exposicións	A atención personalizada aos alumnos prestarase polos docentes nos horarios de titorías fixados polo centro.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Probas de tipo test	No sistema de avaliación continua levarán a cabo dous probas tipo test de contido teórico. A primeira proba referirase ás Leccións 1 a 9 e a segunda ás Leccións 10 a 15. Cada proba realizarase na data establecida polo profesor. A nota media de ambas as probas constituirá o 70% da cualificación final. No sistema de avaliación final, realizarase unha proba tipo test de contido teórico que constituirá o 70% da cualificación final e que se realizará na data e hora aprobada pola Xunta de Facultade. Resultados de aprendizaxe: O coñecemento por parte do estudante dos procesos civís especiais, dos procesos penais especiais e con especialidades e dos métodos alternativos de solución de conflitos.	70	A5	B1 B2 B3	C89 C90
Resolución de problemas e/ou exercicios	No sistema de avaliación continua levará a cabo unha proba consistente na resolución dun caso práctico que poderá referirse a algún dos contidos das Leccións 1 a 15. A proba realizarase na data establecida polo profesor. A nota obtida nesta proba constituirá o 20% da cualificación final. No sistema de avaliación final, realizarase unha proba consistente na resolución dun caso práctico que poderá referirse a algún dos contidos das Leccións 1 a 15 e que constituirá o 30% da cualificación final. Realizarase na data e hora aprobada pola Xunta de Facultade. Resultados de aprendizaxe: O coñecemento por parte do estudante dos procesos civís especiais, dos procesos penais especiais e con especialidades e dos métodos alternativos de solución de conflitos.	20	A2 A3 A4 A5	B4	C89 C90 D1 D3 D4 D5
Traballos e proxectos	No sistema de avaliación continua elaborárase e presentará un traballo ou proxecto, en grupo e de acordo coas instrucións do profesor. Este traballo haberá de presentarse na data establecida polo profesor. A nota deste traballo constituirá o 10% da cualificación final. Resultados de aprendizaxe: O coñecemento por parte do estudante dos procesos civís especiais, dos procesos penais especiais e con especialidades e dos métodos alternativos de solución de conflitos.	10	A2 A3 A4 A5		C89 C90 D1 D3 D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira oportunidade: O alumno terá a oportunidade de ser avaliado polo sistema de avaliación continua ou polo sistema de avaliación final.

AVALIACIÓN CONTINUA: ¿Que alumnos poden someterse ao sistema de avaliación continua? Únicamente poderán someterse ao sistema de avaliación continua quen realizara as probas tipo test, a proba de resolución de caso práctico e a elaboración e presentación dun traballo ou proxecto en grupo, previstos para este sistema

¿En que consistirá a avaliación polo sistema de avaliación continua? Se realizarán as seguintes probas: 1. Dúas probas tipo test nas datas fixadas polo profesor. Estas probas terán un contido teórico. A nota media de ambas constituirá o 70% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 en cada unha delas para aprobar a materia polo sistema de avaliación continua.

2. Unha proba consistente na resolución dun caso práctico na data fixada polo profesor. A nota obtida nesta proba constituirá o 20% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 na mesma para aprobar a materia polo sistema de avaliación continua.

3. A elaboración e presentación dun traballo ou proxecto, elaborado en grupo e dacordo coas instrucións do profesor, na data fixada polo profesor. A nota obtida neste traballo constituirá o 10% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 para aprobar a materia polo sistema de avaliación continua.

AVALIACIÓN FINAL: ¿Que alumnos poden someterse ao sistema de avaliación final? Poden someterse ao sistema de avaliación final: a) Os alumnos que non se someteran ao sistema de avaliación continua.

b) Os alumnos que inicialmente decidiran someterse ao sistema de avaliación continua pero no obtiveran unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas previstas para este sistema (as dúas probas tipo test, a proba de resolución do caso práctico e a elaboración e presentación dun traballo ou proxecto, en grupo e dacordo coas instrucións

do profesor.

¿En que consistirá a avaliación polo sistema de avaliación final? Se realizarán as seguintes probas: 1. Unha proba tipo test na data e hora aprobadas pola Xunta de Facultade. Esta proba terá un contido teórico. A nota media desta proba constituirá o 70% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 para aprobar a materia polo sistema de avaliación final.

2. Unha proba consistente na resolución dun caso práctico na data e hora aprobadas pola Xunta de Facultade. A nota obtida nesta proba constituirá o 30% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 na mesma para aprobar a materia polo sistema de avaliación final.

2. Segunda oportunidade: Se realizarán as seguintes probas: 1. Unha proba tipo test na data e hora aprobadas pola Xunta de Facultade. Esta proba terá un contido teórico. A nota media desta proba constituirá o 70% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 para aprobar a materia polo sistema de avaliación final.

2. Unha proba consistente na resolución dun caso práctico na data e hora aprobadas pola Xunta de Facultade. A nota obtida nesta proba constituirá o 30% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 na mesma para aprobar a materia polo sistema de avaliación final.

3. Convocatoria fin de carrera: Se realizarán as seguintes probas:

1. Unha proba tipo test na data e hora aprobadas pola Xunta de Facultade. Esta proba terá un contido teórico. A nota media desta proba constituirá o 70% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 para aprobar a materia polo sistema de avaliación final.

2. Unha proba consistente na resolución dun caso práctico na data e hora aprobadas pola Xunta de Facultade. A nota obtida nesta proba constituirá o 30% da calificación final debendo haberse obtido unha calificación mínima de 5 puntos sobre 10 na mesma para aprobar a materia polo sistema de avaliación final.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2017-18.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cortés Domínguez, Moreno Catena, **Derecho Procesal Civil. Parte Especial**, 8ª, Tirant lo Blanch, 2016

De la Oliva Santos, Díez Picazo, Vegas Torres, **Ejecución forzosa. Procesos Especiales**, última edición, Centro de Estudios Ramón Areces,

Cortés Domínguez, Moreno Catena, **Derecho Procesal Penal**, 7ª, Tirant lo Blanch, 2015

González Pillado, **La intervención de terceros en los procesos civiles especiales**, Tirant lo Blanch, 2014

González Pillado, **Mediación con menores infractores en España y los países de su entorno**, Tirant lo Blanch, 2012

Soletto Muñoz, **Mediación y resolución de conflictos: técnicas y ámbitos**, última edición, Tecnos, 2013

Rodríguez Calvo, Vázquez-Portomeñe Seijas (dirs. y coords.), **La violencia contra la mujer. Abordaje asistencial, médico-legal y jurídico**, Tirant lo Blanch, 2014

Bibliografía Complementaria

Tirant online,

Westlaw,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito penal e procesual de menores/O03G081V01924

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Sistema xudicial español e proceso civil/O03G081V01403

Dereito procesual penal/O03G081V01601